

Dende o Centro de Turismo Ecuestre O Ventoso poñemos todo o noso empeño para a difusión da cultura ecuestre así como a posta en alza do mundo rural e a concienciación medioambiental. Para tal efecto, dispoñemos dunha liña de servizos orientada a grupos escolares, asociacións e familias.

UN DÍA NA GRANXA

Dispoñibilidade: Todo o ano

Obxectivos:

- Mostrar o tipo de vida no agro.
- Divulgar o amor e o coidado pola natureza.
- Inculcar pautas e normas de convivencia cívicas.
- Desenrolar a súa autonomía persoal e relación cos demais.

Metodoloxía:

A participación nas tarefas da granxa, o contacto cos animais, dándolles de comer e coidándoos, fan que os nenos se interrelacionen co entorno e co grupo.

Mediante os obradoiros desenvolvemos as súas capacidades creativas ó mesmo tempo que se reforzan os coñecementos adquiridos durante o día.

Durante toda a estandía as actividades serán enlazadas e dinamizadas con xogos e cancións nas que participarán os rapaces.

Planificación da visita:

- 10:30 Chegada
- 10:45 Presentación e división en grupos
- 11:00 Actividades da granxa:
 - Animais da granxa
 - Horta e cultivos
 - Equitación
- 11:45 Parada para merenda
- 12:00 Reanudación das actividades da granxa.
- 13:30 Parada para comida.
- 14:30 Tempo libre.
- 15:00 Obraadoiros e xogos.
- 16:00 Despedida.

Esta planificación é orientativa, podéndose variar dependendo do número e idade dos rapaces, da época do ano, así como das necesidades e suxestións que teña o grupo.

XORNADA ECUESTRE

Dispoñibilidade: Todo o ano

Obxectivos:

- Acercar o deporte da equitación a todo o mundo.
- Mostrar o día a día dun centro ecuestre.

Planificación da visita:

- 10:30 Chegada
- 10:45 Presentación e división en grupos.
- 11:00 Actividades ecuestres:
 - Alimentación e coidados.
 - Ensillado e monta.
 - Equitación en pista.
- 11:45 Parada para merenda.
- 12:00 Reanudación das actividades.
- 13:30 Despedida.

ROTEIRO DE SENDEIRISMO DOS MUÍÑOS

Dispoñibilidade: Todo o ano.

Obxectivos:

- Entrar en contacto coa natureza.
- Coñecer a flora e fauna local.
- Aprender o funcionamento e utilidade dos muíños de auga.

Planificación da visita:

- 10:30 Chegada
- 10:45 Saída ó monte.
- 11:00 Visita ós muíños.
- 11:45 Descanso.
- 12:00 Retorno ó centro e obradoiros na aula.
- 13:30 Despedida.

FESTA DO MAGOSTO

Dispoñibilidade: Outubro-Novembro.

Obxectivo:

- Disfrutar desta festa do outono na natureza.

Planificación da visita:

- 10:30 Chegada.
- 10:45 Presentación e división en grupos.
- 11:00 Actividades:
 - Manualidades con castañas.
 - Magosto.
 - Xogos populares.
- 13:30 Despedida.

TARIFAS:

UN DÍA NA GRANXA:

- Día completo 13 €
- ½ día 7 €

XORNADA ECUESTRE: 7 €

ROTEIRO DE SENDEIRISMO DOS MUÍÑOS: 7 €

FESTA DO MAGOSTO: 7 €